

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Litigación internacional e sostibilidade				
Materia	Litigación internacional e sostibilidade			
Código	O03G081V01915			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Gonzalez Jerez, Jose Antonio			
Profesorado	Gonzalez Jerez, Jose Antonio			
Correo-e	jagonje@yahoo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese achegar ao alumnado ao fenómeno do denominado desenvolvemento sustentable desde a perspectiva xurídica internacional			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C48	CEI 1 - Comprender e coñecer o conxunto normativo internacional da sustentabilidade composto por convenios e por regulación ou formularios promovidos por organizacións non gobernamentais.
C49	CEI 2- Ser capaz de identificar os problemas xurídicos propios do Dereito internacional do desenvolvemento sustentable, abordando a súa solución de modo interdisciplinar, así como ser capaz de interpretar e analizar críticamente os aspectos xurídico-técnicos propios da litigación internacional.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e poder manexar as normas e a xurisprudencia relativa aos litixios sobre sustentabilidade que presentan elemento estranxeiro	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4	C48 C49	D1 D2 D5

Contidos
Tema

TEMA 1. ASPECTOS XERAIS	1. Concepto, historia e fontes do desenvolvemento sustentable. 2. Desenvolvemento sustentable e Dereito internacional privado: Estados ou empresas en relacións de internacionalidade cos cidadáns.
TEMA 2. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN INTERNACIONAL SOBRE MEDIO AMBIENTE.	1. O Dereito internacional ambiental. 2. A responsabilidade civil internacional por danos ao medio ambiente.
TEMA 3. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN INTERNACIONAL SOBRE DEREITOS HUMANOS	1. Dereito internacional privado e protección dos Dereitos humanos. 2. Estranxeiría e Dereitos humanos.
TEMA 4. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN INTERNACIONAL SOBRE CONSUMO.	1. En relación coa protección internacional dos consumidores. 2. En relación coas accións colectivas internacionais.
TEMA 5. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN INTERNACIONAL SOBRE TRABALLO.	1. En relación coa protección internacional do traballador. 2. En relación co traballador estranxeiro.
TEMA 6. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN INTERNACIONAL SOBRE PROPIEDADE INTELECTUAL.	1. En relación coa defensa do patrimonio tradicional a través da propiedade intelectual. 2. En relación coa propiedade intelectual como monopolio da industria cultural.
TEMA 7. SUSTENTABILIDADE E LITIGACIÓN SOBRE INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS.	1. En relación cos aspectos materiais do Dereito internacional de investimentos. 2. En relación cos aspectos procesuais da arbitraxe de investimentos.
Tema 8. LITIXIOS INTERNACIONAIS ENTRE ESTADOS RELATIVOS Ao DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	-

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	20.9	20.9	41.8
Lección maxistral	31.5	31.5	63
Exame de preguntas obxectivas	1.1	12.1	13.2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	30	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado recibe atención personalizada nas titorías. Poderán facerse telemáticamente previa concertación
Resolución de problemas	O alumnado recibe atención personalizada nas titorías. Poderán facerse telemáticamente previa concertación

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse distintas probas teóricas de resposta curta ao longo do curso, para evidenciar que o alumnado adquire as competencias sinaladas. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece e pode manexar as normas e a xurisprudencia relativa aos litixios sobre sustentabilidade que presentan elemento estranxeiro	40	A2 A3 A5	B1 B2 B4	C48	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condiciones establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. Como resultado da aprendizaxe, o alumnado coñece e pode manexar as normas e a xurisprudencia relativa aos litixios sobre sustentabilidade que presentan elemento estranxeiro	40		B4	C49	D2 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

En avaliación continua, realizarase un mínimo de dous parciais liberatorios que valerán un 40% de a nota final.
Ademais, realizaranse polo menos dúas probas de tipo práctico que valerán outro 40% da nota final.
O 20% restante da nota procederá da asistencia a clase e da participación nos debates e nas actividades que se organicen.

O alumnado que non supere a avaliación continua ou que non a siga por calquera motivo, deberá superar o exame final teórico práctico por valor de o 100% da nota, segundo as convocatorias que se publiquen por parte do decanato da Facultade para o curso 2020-2021. Este sistema aplicarase tamén na avaliación de xullo e nas demáis avaliacións finais previstas, como a extraordinaria de fin de carreira, permitindo acadar as competencias e resultados de aprendizaxe da materia.

O alumnado que, a xuízo do profesor, incumpla o compromiso ético esixido pola Universidade de Vigo en relación coa realización de probas, será automáticamente expulsado da avaliación continua, sen prexuízo de outras accións que poidan derivar da súa conduta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Garcimartín Alférez, Francisco J., **derecho internacional privado**, 3ª, civitas, 2016

Bibliografía Complementaria

Fernandez Rozas, José Carlos, **derecho internacional privado**, 9ª, Civitas-Thomson Reuters, 2016
Calvo Caravaca, Alfonso Luis, **derecho internacional privado**, 14ª, Comares, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Téñase en conta que os contidos previstos no apartado correspondente desta guía docente desenvolven os descriptores básicos da materia incluídos na memoria do grao en Dereito, sendo a correspondencia entre ambos os como segue:
- Caracterización básica do Dereito internacional do desenvolvemento sustentable (Tema 1 pregunta 2)
- Litigación internacional e dimensión ambiental: aspectos xerais (Tema 2 pregunta 1)
- Litigación internacional e dimensión ambiental: casos paradigmáticos (Tema 2 pregunta 2).
- Litigación internacional e dimensión social: aspectos xerais. (Tema 5)
- Litigación internacional e dimensión social: casos paradigmáticos. (Tema 4))
- Arbitraxe internacional e sustentabilidade: aspectos xerais. (Tema 8)
- Arbitraxe internacional e sustentabilidade: casos paradigmáticos (Temas 6 e 7).

Plan de Continxencias

Descrición

O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos:
Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico.
Docencia presencial: Seguimento na aula e o seminario de informática da Facultade.
Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

Plan de continxencias:

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS:

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polol COVID-19, a Universidad de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións ea propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saude responsabilidade,e garantizando a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial.
Estas medidas xa planificadas garantizan,no momento que sexa preceptivo, o desenrolo da docencia dun xeito mái áxil e eficaz ao ser coñecido de anteman polo alumnado e ol profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS:

* Metodoloxías docentes que se manteñen:
Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos) se manterán mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modificarán las metodoloxías.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías individuais e en grupo).

* Modificaciones (se proceden) dos contidos a impartir:
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten a súa disposición todo o material elaborado polos profesores e utilizado nas clases.

* Outras modificaciones:
Non se realizarán outras modificaciones.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN:
Conservanse as probas e porcentaxes da avaliación da materia.

* Información adicional:
Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Faitic
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos, estos poderán proxectarse na aula virtual, e/ou descargarse en faitic
A entrega dos exames realizarase sempre que sexa posible a través dunha tarefa de Faitic. De existir problemas técnicos irresolubles, poderánse utilizar vías alternativas como correo electrónico ou teléfono móbil.